# Seminario de aproximación ao Open Access

**Data:** xoves, 9 xullo, 2020 - 10:00 - 11:30

**Lugar:** Microsoft Teams

**Poñente(s):** Cristal Martínez Pousa (Minerva - USC)

**Idioma:** Castelán

**Streaming:** Segue este evento en directo

## Obxectivo



O obxectivo principal deste seminario é que o alumnado se aproxime ao concepto do Acceso Aberto: que é, cales son os seus beneficios e cales son as obrigas de acceso aberto de acordo ao marco normativo aplicable e os organismos de financiamento.

- Proporcionar formación xeral sobre o acceso aberto.
- Proporcionar información sobre as políticas e mandatos de acceso aberto dos organismos de financiamento de proxectos de investigación.
- Proporcionar unha visión xeral sobre o funcionamento do repositorio MINERVA.

### Contidos

- Acceso aberto: conceptos básicos.
- Publicación en acceso aberto (Ruta dourada).
- Difusión en repositorios (Ruta verde).
- Políticas e mandatos de acceso aberto dos organismos de financiamento.
- Minerva, repositorio institucional da USC. Autoarquivo en Minerva.

### Sobre a ponente

Cristal Martínez Pousa traballa como axudante da Biblioteca Universitaria da USC. Na actualidade encárgase da xestión de Minerva, o repositorio institucional da Universidade de Santiago de Compostela, así como do asesoramento a persoal docente e investigador en materia de acceso aberto e propiedade intelectual.